

NINGÉN NACE HAPRENDIDO

AS CANCELAS DO FALAR Taller de competencia lingüística

Impartido por Rosa Moledo

Do luns 1 ao venres 5 de xullo de 10.00 a 15.00 h

Salón Teatro. Santiago de Compostela

Que estamos facendo mal á hora de trasladar o noso modelo de lingua aos escenarios? Na produción teatral caemos moitas veces na falta de naturalidade, é dicir, nunha artificialidade lingüística. As eivas parten ás veces xa do texto escrito, cando este recolle construcións totalmente alleas á lingua na que se supón que está escrito. Se a isto lle unimos unha oralidade deficiente á hora de reproducir e interpretar ese texto, o resultado é un produto artificial e carente de toda a musicalidade e os matices propios da nosa lingua.

Por outra parte, sucede tamén que aquelas e aqueles profesionais cun dominio absoluto do galego —ben por ser a súa lingua materna, ben por ser produto dunha aprendizaxe en profundidade— en moitas ocasións acaban “contaminadas/os” e reproducindo un falar que non lles corresponde ou non lles debía corresponder.

Que podemos facer?

Neste obradoiro analizaremos a situación para saber onde estamos e o camiño que temos por diante. Despois desta análise, as xornadas serán enteiramente prácticas. Traballaremos con textos teatrais, guións cinematográficos etc. Haberá que falar, gravarse e escoitarse. Todo o que fagamos vai estar centrado na competencia lingüística e, sobre todo, na prosodia.

ROSA MOLEDO

Especialista en tradución audiovisual, ten no seu haber numerosos traballos tanto para televisión como para cine, entre os que se poden citar: *Fisterra, Sei quen es, A lingua das bolboretas, Lena, Os luns ao sol, O misterio Galíndez, 13 Badaladas, O lapis do carpinteiro, O ano da carracha, Abrígate, Agallas, Conexións, Cela 211, Engurras, O sexo dos anxos, A árbore magnética, Somos xente honrada, Os fenómenos* ou *O noso último verán en Escocia*. Tamén é asesora e supervisora lingüística en numerosas sesións de dobraxe para televisión e cine, así como na rodaxe de diversos programas de entretemento e series televisivas, como é o caso de *Mareas vivas* e *Fariña*.

INFORMACIÓN ÚTIL

Prazas

15 + ouvintes (prazas limitadas)

15 actrices/actores profesionais ou con formación actoral previa

Ouvintes: Estudantes ou profesionais de todos os ámbitos das Artes Escénicas

Lugar e horario

Salón Teatro, Rúa Nova 34 15705 Santiago de Compostela

De 10.00 a 15.00 h

Total sesións e horas

5 sesións. Total 25 horas

Selección

Mediante C.V.

As persoas solicitantes deberán enviar o seu curriculum debidamente actualizado a centro.dramatico.galego@xunta.gal co asunto “Taller CDG de competencia lingüística”.

Prezos

95 € para participantes

60 € para participantes membros da AAAG e da asociación de Artistas de Circo / estudantes / desempregados

45 € para ovintes

Prazo de recepción de solicitudes

Do mércores 5 ao domingo 16 de xuño

Publicación da lista de participantes

Venres 21 de xuño na web do CDG (www.centrodramatico.gal)

Só serán avisadas por correo electrónico as persoas seleccionadas como participantes e as que estean incluídas na lista de espera.

Formalización de matrícula

Do venres 21 ao luns 24 de xuño.

As persoas seleccionadas deberán ingresar o importe correspondente en Abanca na conta núm. ES66 2080 0388 2531 1000 2055 baixo o concepto “Taller CDG de Competencia lingüística”.

Para asegurar a praza nos talleres, cumprirá realizar o ingreso dentro do período establecido, e remitir o xustificante bancario do ingreso xunto co formulario de inscrición debidamente cuberto a centro.dramatico.galego@xunta.gal. De non facerse, a praza será ocupada pola seguinte persoa na lista de espera.

+ información

Tel. 881 867 229/26 de 9.00 a 14.00 h

centro.dramatico.galego@xunta.gal

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Salón Teatro. Rúa Nova, 34

15705 Santiago de Compostela

Tel. 881 867 229

centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.gal

www.agadic.gal

 [cdg.salonteatro](https://www.facebook.com/cdg.salonteatro)

 [cdg.salonteatro](https://www.instagram.com/cdg.salonteatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/centrodramatico)

NINGÉN NACE HAPRENDIDO

AS CANCELAS DO FALAR Taller de competencia lingüística

Impartido por Rosa Moledo

Do luns 1 ao venres 5 de xullo de 10.00 a 15.00 h

Salón Teatro. Santiago de Compostela

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Nome e apelidos	
DNI / Pasaporte	
Data e lugar de nacemento	
Teléfono / móbil	
Correo-e	
Dirección postal	
Observacións	

A presente inscrición no taller *As cancelas do falar* ten un custo de (marcar o que corresponda):

- ☐ 95 € para participantes
- ☐ 60 € para participantes membros da AAAG ou da asociación de Artistas de Circo / estudantes / desempregados (é necesario acreditar a condición)
- ☐ 45 € para ouvintes

a ingresar en Abanca na conta nº ES66 2080 0388 2531 1000 2055 baixo o seguinte concepto: "Taller CDG de competencia lingüística".

Cómpre remitir este formulario debidamente cuberto, xunto co xustificante bancario do ingreso, ao correo electrónico

centro.dramatico.galego@xunta.gal ata o luns 24 de xuño.

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela

Tel. 881 867 229

centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.gal

www.agadic.gal

 [cdg.saloneatro](https://www.facebook.com/cdg.saloneatro)

 [cdg.saloneatro](https://www.instagram.com/cdg.saloneatro)

 [centrodramatico](https://www.youtube.com/c/centrodramatico)